

Moi boas a tod@s

Como supoño ben saberedes a estas alturas, e en virtude do establecido no BOE 14/03/2020 relativo a declaración do estado de alarma, e mais en concreto no seu artigo 9º

*“Artículo 9. Medidas de contención en el ámbito educativo y de la formación.*

*1. Se suspende la actividad educativa presencial en todos los centros y etapas, ciclos, grados, cursos y niveles de enseñanza contemplados en el artículo 3 de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, incluida la enseñanza universitaria, así como cualesquiera otras actividades educativas o de formación impartidas en otros centros públicos o privados.*

*2. **Durante el período de suspensión se mantendrán las actividades educativas a través de las modalidades a distancia y «on line»**, siempre que resulte posible.”*

E sen detrimento do establecido e/ou do que se establecerá no futuro, en función da evolución da situación, pola Consellería de Educación, procedo a trasladarvos algunhas informacións que poden resolver dúbidas sobre o desenrolo das actividades educativas durante este período:

1. A actividade formativa continuará a través da modalidade “on line”, para o cal empregaremos o aula virtual, e as carpetas de “drive” que xa temos compartidas
2. O alumnado mantén a obriga de continuar a súa formación, a través dos sistemas telemáticos establecidos polo centro.
3. Calquera dúbida será trasladada a través do correo [jsantamaria@edu.xunta.gal](mailto:jsantamaria@edu.xunta.gal)
4. As probas de avaliación quedan aprazadas, hasta a volta a actividade académica lectiva presencial.
5. Como obxectivo prioritario, procuraremos durante este período abordar os contidos teóricos, para unha vez recuperada a normalidade poder centrarnos nos contidos prácticos.
6. O horario de atención e disposición do profesor Xavier Santamaria, será o mesmo que o horario lectivo habitual.
7. En caso de ser diagnosticado afectado polo virus, informará a maior brevidade posible da situación ao titor, ao obxecto de facilitar esta información as autoridades educativas e para velar polos membros da comunidade educativa coa cal se compartiu espazo nos derradeiros días.
8. Para aqueles módulos nos que non teñades establecido un sistema de traballo “on Line”, habilitarase un sistema de carpetas a través da web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfragaume/>

PARA MAIS INFORMACIÓN:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/medidas-coronavirus>

<https://coronavirus.sergas.gal/>

EXERCICIOS DE REPASO E CONSOLIDACIÓN DO APRENDIDO

1. BUSCA INFORMACIÓN SOBRE AS DISTINTAS CLASES DE AZUCRE E SINALA AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DE CADA UNHA DELAS.

2. AGORA FAI O MESMO PARA :

A. SUCEDANEOS DO AZUCRE

B. EDULCORANTES

3. BUSCA INFORMACIÓN SOBRE A MEL E SINALA AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DE CADA UNHA DELAS.